

**materia**

Educación Física Especial I

unidade didáctica **1**

# As adaptacións na Educación Física

Uxía Garrido Filgueira

Departamento de Didáctica da expresión Musical, Plástica e Corporal  
Facultade de Formación de Profesorado



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,  
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

**titulación**

Mestra ou Mestre Especialidade en Educación Física





unidade didáctica 1

# **As adaptacións na Educación Física**

Uxía Garrido Filgueira  
Departamento de Didáctica da Expresión  
Musical, Plástica e Corporal  
Facultade de Formación de Profesorado



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura  
e Formación Continua da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 2101-2011

**ISBN** 978-84-9887-730-4

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Educación Física Especial I**

**TITULACIÓN: Mestra ou Mestre Especialidade en Educación Física**

**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. As Adaptacións na Educación Física**

A adaptación curricular

- Tipos de adaptacións curriculares ou graos de significatividade
  1. Adaptacións significativas e non significativas
  2. As adaptacións curriculares e os reforzos educativos
- Aspectos que se deben ter en conta na elaboración das adaptacións curriculares

A Educación Física Adaptada

- Factores que afectan á aprendizaxe motriz do alumnado de Primaria
- Características do alumnado con necesidades educativas especiais

Pasos que se deben seguir no caso de ter alumnado con diversidade funcional na aula

Criterios para adaptación das unidades didácticas en Educación Física

- Simplificación das percepcións
- Simplificación do xesto
- Modificacións metodolóxicas
- Modificacións nos recursos
- Modificacións das actividades

Conclusión

**Unidade II. O alumnado con diversidade funcional auditiva nas sesións de educación física**

Conceptualización

Educación da motricidade

Aspectos que se deben ter en conta para mellorar a aprendizaxe na área de educación física. Os reforzos educativos

**Unidade III. A diversidade funcional visual nas sesións de educación física**

Concepto e tipos de cegueira

A Educación motriz nas nenas e nenos con diversidade funcional visual: trastornos no desenvolvemento motor

Papel da educación física. Propostas metodolóxicas

O xogo adaptado á cegueira

**Unidade IV. Alumnado con diversidade funcional motriz: a parálise cerebral e a motricidade**

Concepto e tipos

Trastornos asociados que afectan á motricidade  
Desenvolvemento motor  
Contraindicacións para a actividade física  
Beneficios da actividade física: consecuencias nos diferentes órganos e sistemas. Consecuencias nas alteracións propias da parálise cerebral  
Actitude que se debe seguir por parte do profesorado nas sesións de Educación Física

#### **Unidade V. Outro alumnado con diversidade funcional motriz**

Algunhas patoloxías que poden provocar discapacidade motriz: espiña bífida, miopatías, lesións medulares, e as súas características básicas  
As posibilidades e necesidades motrices nestes casos  
O traballo docente na Educación Física  
Desviación e deformación de raque: hipercifose, hiperlordose, escoliose, espondilólise e espondilolístese  
Actividades motrices e deportes permisibles, neutros e negativos para nenas e nenos con problemas na columna vertebral  
Trastornos ortopédicos: do xeonllo e do pé  
Propostas de actuación para o profesorado nas sesións de educación física

#### **Unidade VI. A diversidade funcional intelectual e a motricidade**

A síndrome de Down: trastornos asociados que afectan á escolarización  
Desenvolvemento físico e motor: características anatómicas e fisiolóxicas do alumnado  
Trastornos asociados. A percepción  
As sesións de educación física e o deporte

#### **Unidade VII. Exercicio e enfermidades cardiorrespiratorias**

Asma: concepto e fisioloxía  
Asma inducida polo exercicio  
Actividades físicas máis recomendables para o alumnado que padece asma  
Actuación do profesorado  
Cardiopatías conxénitas. Conceptualización  
A actividade física e o alumnado con cardiopatía

#### **Unidade VIII. Enfermidades do sangue e actividade física**

Anemias. Concepto  
Efectos da anemia sobre o sistema circulatorio  
A actividade física nos procesos anémicos  
Hemofilia. Concepto  
Propostas para unha correcta actuación docente nas sesións de educación física

**Unidade IX. Escolarización e educación física nos casos de: epilepsia, nefropatías e diabete infantil**

A epilepsia: concepto

Consignas para unha escolarización integradora. Propostas para a docencia na educación física

Nefropatía: concepto

Actuación do profesorado

Diabete: concepto

A supervisión docente durante a actividade física



## ÍNDICE

---

<b>Presentación</b> .....	9
<b>Os obxectivos</b> .....	9
<b>Os principios metodolóxicos</b> .....	10
<b>Os contidos básicos</b> .....	10
1. A adaptación curricular .....	10
1.1. Tipos de adaptacións curriculares ou graos de significatividade.....	11
1.2. Aspectos que se deben ter en conta na elaboración das adaptacións curriculares .....	13
2. A Educación Física Adaptada .....	14
2.1. Factores que afectan á aprendizaxe motriz do alumnado de Primaria .....	15
2.2. Características do alumnado con necesidades educativas especiais .....	16
3. Pasos que se deben seguir no caso de ter alumnado con diversidade funcional na aula .....	17
4. Criterios para a adaptación das unidades didácticas en Educación Física.....	17
4.1. Simplificación das percepcións.....	17
4.2. Simplificación do xesto .....	18
4.3. Modificacións metodolóxicas .....	18
4.4. Modificacións nos recursos .....	19
4.5. Modificacións das actividades .....	20
5. Conclusión .....	20
<b>Actividades propostas</b> .....	21
<b>Avaliación da Unidade Didáctica</b> .....	21
<b>Anexos</b>	
Anexo 1: Lexislación.....	23
Anexo 2: Ficha para a reflexión sobre a práctica .....	24
Anexo 3: Ficha guía para a elaboración da adaptación da unidade didáctica .....	25
Anexo 4: Glosario .....	26
<b>Bibliografía</b> .....	28



## **PRESENTACIÓN**

---

Esta unidade didáctica, denominada *As Adaptacións na Educación Física* forma parte da materia obrigatoria Educación Física Especial I que se imparte no 1º cuadrimestre do 3º curso na titulación de mestra ou mestre na especialidade de Educación Física. A materia ten unha carga lectiva de 6 créditos (4,5 teóricos e 1,5 prácticos) e ten como obxectivos que o alumnado tome conciencia das súas actitudes sobre as persoas con diversidade funcional. Outro obxectivo é adquirir coñecementos e ferramentas para elaborar e impartir sesións de educación física en Primaria dun xeito inclusivo, é dicir, dando resposta ás necesidades de aprendizaxe de todo o alumnado, incluíndo aquel que presente algunha discapacidade ou teña algunha enfermidade que afecte á súa resposta motriz e á súa participación nas clases de educación física escolar.

Concretamente nesta unidade didáctica, que coincide co primeiro tema da materia, ofrécese unha presentación conceptual sobre as diferentes visións e características das adaptacións; primeiro dende unha perspectiva global, a continuación dende unha particular –orientada á área de Educación Física–, na que se ofrece ao alumnado un conxunto de criterios e estratexias pedagóxicas que lle vai permitir iniciarse no proceso de elaboración de adaptacións das sesións e unidades didácticas da área de Educación Física escolar.

Á par, a través das sesións prácticas, vaise levar ao alumnado cara ao recoñecemento, á análise e, se fose o caso, á modificación das propias actitudes cara ás persoas con diversidade funcional, contribuíndo dese xeito ao autoconñecemento e o proceso de asunción de valores democráticos.

É imprescindible aclarar que nesta materia nos vemos na obriga de presentar uns coñecementos xenéricos sobre as adaptacións curriculares antes de abordar estas estratexias docentes dun xeito específico para a Educación Física, debido a que a materia troncal que desenvolve aqueles contidos non é impartida ata o 2º cuadrimestre do 3º curso, é dicir, a posteriori da materia que nos compete.

## **OS OBXECTIVOS**

---

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado debería ser capaz de acadar os obxectivos que se citan a continuación.

- Coñecer os conceptos básicos relativos á atención á diversidade.
- Coñecer e comprender diversos tipos de modificación ou adaptación de unidades didácticas aplicados á área da Educación Física para Primaria.
- Comprender a importancia das actitudes implícitas e explícitas do profesorado de cara á atención á diversidade.
- Analizar e recoñecer as propias actitudes fronte ás persoas con diversidade funcional e buscar estratexias para modificalas conseguindo manter condutas asertivas, respectuosas e eficaces na docencia.

- Elaborar propostas de modificación de sesións de Educación Física para a etapa de Educación Primaria, co obxectivo de dar resposta a aquelas situacións nas que nun grupo-clase haxa alumnado con diversidade funcional sensorial ou motriz.

## **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

Esta unidade didáctica desenvolverase mediante sesións expositivas e sesións prácticas. Buscarase sempre a participación reflexiva do alumnado coa intención primeira de repasar os contidos traballados na materia de 2º curso «Didáctica da Educación Física», concretamente: a unidade didáctica e a sesión; xa que sobre a súa modificación total ou parcial van orientadas as aprendizaxes desta unidade didáctica, en segundo lugar para ir na procura do recoñecemento da propias actitudes sobre as persoas con diversidade funcional. Vexamos con detalle:

1. Sesións expositivas: terán lugar dúas sesións teóricas de dúas horas cada unha, onde a docente presentará os obxectivos que persegue a unidade e exporá, co apoio de diapositivas, e contidos da mesma: conceptos, principios, propostas, etc.; mesturándoos sempre con exemplos da práctica docente.
2. Sesións prácticas: alternativamente ás teóricas, terán lugar dúas sesións prácticas –que se desenvolverán no pavillón ou aula José Mª Cagigal–, nelas o alumnado voluntario asumirá o rol dunha persoa con discapacidade e a profesora dirixirá sendas sesións de educación física, modificadas segundo as características que presenta ese hipotético alumnado. Ao rematar as sesións terá lugar unha reflexión conxunta, dirixida pola docente, sobre as modificacións desenvolvidas, as necesidades e posibilidades perceptivo-motrices do alumnado que asumiu os roles, sobre as axudas outorgadas polo grupo, sobre as sensacións e sentimentos vividos e sobre os cambios necesarios.

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

### **1. A adaptación curricular**

A adaptación curricular é tanto unha estratexia de planificación do proceso de ensino como unha actuación docente especial ou específica; ambas, planificación e actuación, inseparables na procura de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe do alumnado que, por algunha cuestión permanente ou temporal, non é capaz de seguir o proceso de ensinanza normalizado.

Segundo González Manjón (1993), a adaptación curricular pódese definir como «unha secuencia de accións sobre o currículo escolar deseñado para unha poboación dada, que leva á modificación dun ou máis

dos seus elementos básicos (qué, cómo e cándo ensinar e avaliar). A adaptación curricular ten como finalidade posibilitar ao máximo a individualización didáctica nun contexto o máis normalizado posible, para aqueles alumnos e alumnas que presentan calquera tipo de necesidade educativa especial».

Fundaméntase, polo tanto, nunha serie de criterios que guían a toma de decisións con respecto a:

- que ten que aprender o alumnado?
- como ten que aprendelo?
- cando?
- cal é a forma máis axeitada de organizar a ensinanza para que todos e todas saian beneficiados?

Podemos deducir entón que a adaptación é unha programación e unha proposta de acción cos seus:

- Obxectivos diversificados ou non.
- Contidos consecuentes en función dos obxectivos seleccionados.
- Estratexias de avaliación diversificadas.
- Temporalizacións distintas cando sexa o caso.

## **1.1. Tipos de adaptacións curriculares ou graos de significatividade**

Malia que se coñecen diversas clasificacións sobre as adaptacións curriculares, nesta materia ímonos centrar en dúas delas –lembramos de novo que a responsabilidade de afondar nestes contidos didácticos dun xeito máis pleno é das materias de didáctica xeral–. Presentaremos, pois, a clasificación defendida por González Manjón (1993), neste caso por ser unha das máis citadas nas obras sobre atención á diversidade (ver glosario no anexo 4) no conxunto do Estado, e a exposta na lexislación galega en novembro de 1995 sobre «as adaptacións do currículo na educación infantil e no ensino básico», xa que esta é a que orienta a actuación do profesorado na Comunidade Galega.

### **1.1.1. Adaptacións significativas e non significativas**

As diferenzas existentes entre ambos tipos de adaptacións céntranse no xeito como cada unha modifica os diversos elementos curriculares –obxectivos, contidos, metodoloxía e organización didáctica, avaliación e tempos– coa intención de elaborar unha proposta educativa accesible e eficaz para o alumnado que a precise.

#### **1.1.1.1. Adaptacións non significativas**

Son aquelas que, atendendo a criterios de funcionalidade, priorizan uns *obxectivos* sobre outros, ou establecen unha secuenciación diferenciada dos obxectivos.

En canto aos *contidos*, nelas priorízanse certos bloques de contidos sobre outros, elimínanse contidos e/ou secuencianse doutro xeito.

Nas cuestións *metodolóxicas* e de *organización didáctica*, permítese a modificación dos agrupamentos previstos, a organización temporal e/ou espacial, a introdución de actividades alternativas e/ou complementarias, a modificación do nivel de complexidade das actividades e a modificación e adaptación dos materiais.

Sobre a *avaliación*, pódese modificar e/ou adaptar as técnicas e instrumentos de avaliación.

En canto aos *tempos*: é factible variar a temporalización prevista para unha ou varias aprendizaxes propostas.

#### 1.1.1.2. *Adaptacións significativas*

Neste tipo de adaptacións, é posible eliminar *obxectivos* básicos, introducir novos obxectivos específicos, complementarios e/ou alternativos.

Se variamos os obxectivos, debemos coherentemente variar os *contidos*, polo tanto: poderanse introducir contidos específicos, complementarios e/ou alternativos.

Sobre a *metodoloxía* e a *organización didáctica*: empregaranse métodos e procedementos complementarios e/ou alternativos de ensino/aprendizaxe; reorganizaranse os agrupamentos e os espazos, e introduciranse recursos específicos de acceso ao currículo. (Aclarar concepto no glosario).

Como debe rexer nunha proposta de ensino coherente, se os obxectivos varían, debe variar a *avaliación*, polo tanto, incluíranse criterios de avaliación específicos, elimínanse e/ou adaptáranse os criterios de avaliación xerais ou comúns, modifícanse os criterios de promoción.

En canto aos *tempos*: prolongárase a permanencia no ciclo educativo correspondente.

#### 1.1.2. As adaptacións curriculares e os reforzos educativos

Para lograr o ensino comprensivo que propugna a lexislación educativa é necesario primeiro, recoñecer a diversidade da poboación escolar e, logo deste punto de partida, crear ou modificar as estratexias pedagóxicas, curriculares e/ou organizativas para dar a ese alumnado unha resposta adecuada aos seus estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes.

Na Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (ver anexo 1, para ampliar información ao respecto), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determina as características, condicións e procesos de elaboración das adaptacións curriculares e dos reforzos educativos para o alumnado da nosa comunidade autónoma. Nela quedan expresadas con claridade as diferenzas entre as estratexias que buscan dar resposta á atención á diversidade nos centros educativos. Vexamos:

##### 1.1.2.1. *O reforzo educativo*

Enténdese por reforzo educativo toda medida de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo referente á metodoloxía.

Ao ler e analizar detidamente estas medidas decatámonos de que non son extraordinarias, polo que poden e deben ser elaboradas polas e polos docentes responsables das áreas nas que o alumnado precisa esas modificacións. O desenvolvemento destas medidas terá lugar nun contexto escolar ordinario e será a profesora ou profesor da materia a persoa responsable de poñelo en práctica, nalgúns casos coa colaboración doutras ou outros profesionais. Logo da súa planificación, estas medidas serán postas en coñecemento da titora ou titor, quen as notificará ao equipo directivo e á familia.

#### *1.1.2.2. As adaptacións curriculares*

Son as modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo: os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas do alumnado que, por razóns educativas, sociais, culturais, de diversidade funcional, etc., non pode seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe. Tanto os obxectivos, como os contidos poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados e, como consecuencia, tamén os criterios de avaliación poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

O seu deseño é responsabilidade do ou da docente da área coa colaboración e asesoramento dos e das especialistas en orientación educativa do centro; como son medidas extraordinarias só se proporán cando as ordinarias de intervención educativa non teñan dado resultado.

### **1.2. Aspectos que se deben ter en conta na elaboración das adaptacións curriculares**

Malia que, como acabamos de ver, a lexislación indica que na elaboración das adaptacións curriculares o profesorado de Educación Física de Primaria vai contar coa colaboración e asesoramento de especialistas; a experiencia nos di que en moitos casos isto non é así –posiblemente polo escaso recoñecemento da importancia que, aínda hoxe, se outorga á motricidade como contido educativo corresponsable da formación integral do alumnado–, senón que o profesorado desta área ten que elaborar en solitario non só os reforzos educativos senón tamén as adaptacións curriculares. Imos, pois, revisar unha serie de aspectos que nos axudarán a comprender o nivel de interdependencia profesional que esixe a súa confección.

Para elaborar adaptacións curriculares deberíase partir das características e necesidades individuais do alumnado e, coñecidas elas, ter en conta as dúas prioridades:

- ensinar aquilo que poida compensar as desvantaxes do hándicap;
- excluír as actividades que poidan resultar perigosas.

Outra cuestión para a reflexión é a selección de materias e actividades que se deben propoñer e/ou eliminar; neste caso os criterios son:

- priorizar os contidos máis básicos e fundamentais;
- priorizar as aprendizaxes prácticas e instrumentais;
- priorizar os contidos que mellor potencien a integración educativa e social do alumnado en cuestión;
- manter o equilibrio entre as capacidades (cognoscitivas, de equilibrio persoal, de integración social, etc.) e os diferentes tipos de contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais).

Ademais dos criterios pedagóxicos, non debemos esquecer aqueles outros aspectos máis mundanos pero marcadamente determinantes para que o desenvolvemento da proposta de adaptación vaia adiante satisfactoriamente, os factores relativos ao centro escolar:

- considerar as posibilidades de acceso físico que presentan as instalacións;
- ter en conta os coñecementos e as actitudes do profesorado do centro.

## **2. A Educación Física Adaptada**

A Educación Física resulta gratificante e atractiva para a meirande parte do alumnado e, por outra banda, as relacións interpersoais forman parte indisoluble da súa posta en práctica; ambos son factores que se deben ter en conta no recoñecemento das posibilidades de integración do alumnado que nos ofrece esta materia. Mais, un clima de relacións axeitado nas clases non se consegue coa teorización destes postulados, senón co emprego deses puntos fortes de xeito que realmente sirvan para estimular cara á práctica motriz a todo o alumnado, á vez que incentivar a superación persoal, a cooperación e o respecto ás diferenzas.

Para conseguir todo isto sen esquecer que nos centros educativos ordinarios hai unha gran diversidade de alumnado, fai falla que o profesorado da materia sexa capaz, partindo das propostas presentadas nas unidades didácticas de referencia, de adaptalas ou modificalas segundo características e necesidades particulares do alumnado con necesidades educativas especiais, e sen esquecer o contexto global no que se sitúa.

Referirémonos pois á Educación Física Adaptada cando esta materia sexa programada e desenvolvida de xeito que poña en valor e potencie as necesidades de desenvolvemento perceptivo-motor, de expresión, de xogo e de relación social das rapazas e rapaces con necesidades educativas especiais, e o faga partindo e estimulando as posibilidades de aprendizaxe que todo alumnado ten.

Creemos que o profesorado de educación física ten que estimular e motivar ao alumnado con diversidade funcional coa finalidade de dar resposta ás súas necesidades de: confianza, autoestima, seguridade, ansia de triunfo, autorrealización, comprensión, aceptación, etc., e desenvolver

este conxunto de aspectos persoais a través do corpo e da súa motricidade, á vez que se alenta o coñecemento e o control corporal –coas súas potencialidades e limitacións– e se desenvolve a motricidade –coas súas estratexias e necesidades–. Polo tanto, cando facemos referencia ás modificacións das unidades didácticas na educación física incluímos os postulados defendidos por Williamson (1988) como alicerces da participación do alumnado con diversidade funcional nas sesións prácticas:

- que lle axuden a lograr equilibrio psicolóxico;
- que o capaciten para a comprensión dos seus impedimentos, das súas posibilidades e das actuacións resultantes dese conxunto;
- que lle possibiliten a adaptación ás súas posibilidades e ás súas limitacións;
- que lle faciliten independencia e autonomía;
- que melloren a súa autoestima, a confianza en si mesmo e nas demais persoas;
- que lle axuden no proceso de identificación e inclusión no seu grupo social.

Para lograr estes obxectivos, o profesorado, partindo de que non existe unha metodoloxía ideal, pois cada caso é diferente e a individualidade resulta manifesta, deberá buscar os axustes que lle permitan achegarse a cada persoa e desenvolver positivamente cada situación.

## **2.1. Factores que afectan á aprendizaxe motriz do alumnado de Primaria**

Tendo en conta as reflexións anteriores e partindo das achegas que fai Ruiz Pérez (1994) sobre os factores que inflúen na aprendizaxe motriz das poboacións con necesidades educativas especiais, imos presentar e analizar significativamente a importancia desas consignas non só para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con diversidade funcional, senón incluso do conxunto do alumnado. Vexamos:

1. Hai que estimular o desexo de aprender e valorar o esforzo sobre o resultado, isto implica aceptar o erro no proceso de aprendizaxe e recoñecer os progresos; ambas estratexias contribuirán a mellorar o autoconcepto.
2. Debemos fomentar a estimulación intrínseca sobre a extrínseca para que o control das condutas sexa progresivamente responsabilidade exclusiva da persoa e se fomente a autorrealización.
3. Temos que establecer obxectivos de aprendizaxe adecuados e alcanzables, para asegurar o progreso e estimular a autorrealización e a seguridade das persoas en si mesmas. Para conseguir este propósito pode ser aconsellable, cando a idade do alumnado o permita, establecer os obxectivos conxuntamente con elas e eles.

4. Sempre que sexa posible, haberá que promover a cooperación e a non competición por riba da competición. Analicemos máis detidamente este postulado.
  - A cooperación fortalece a aceptación e a autoestima nas persoas menos hábiles, posto que favorece a participación de todo o grupo –tanto da xente máis dotada como da menos dotada, daquela que sempre gaña e daquela que sempre perde–.
  - Céntrase na propia superación en lugar da superación dos demais –estimulando o coñecemento das propias aptitudes en función do propio esforzo–.
  - Nestas actividades a implicación é conxunta, non individualizada, polo tanto as nenas e nenos son quen de verse como compañeiros de xogo, como protagonistas, potenciándose así a solidariedade.
  - Malia que, como en todas as actividades humanas, se vai percibir a diferenciación entre “mellores e peores” motrizmente falando, como docentes de educación física cunha intencionalidade fundamentalmente educativa, deberíamos conseguir a través destas actividades poñer en relevancia e estimular aquelas outras condutas do alumnado que, sen ser motrices, favorecen o traballo en equipo, como: a empatía, a axuda, a asertividade, o respecto, o esforzo, etc.
5. O profesorado debe crer sempre na posibilidade de aprender do alumnado con diversidade funcional, posto que se non cremos no que facemos non conseguiremos facelo.

## **2.2. Características do alumnado con necesidades educativas especiais**

Como iremos aprendendo a través do percorrido pola materia, as características do alumnado con diversidade funcional son moi dispares, polo tanto tamén o serán os seus potenciais e as súas necesidades. Coñecer a situación persoal de cada alumna ou alumno será imprescindible para estruturar o currículo axustándoo a esas individualidades.

Naquelas situacións nas que o profesorado de Educación Física non conte co apoio doutros docentes ou orientadores para a elaboración dun perfil axustado do alumnado (parámetros físicos, intelectuais, emocionais, etc.), a responsabilidade quedará exclusivamente nas mans de aquel; é, pois, necesario que aprenda a elaborar estas avaliacións. Posto que nos contidos da materia que nos compete non hai cabida para este contido, é na materia optativa do 2º cuadrimestre deste curso –Educación Física Especial II– onde se traballan as baterías psicomotrices.

### **3. Pasos que se deben seguir no caso de ter alumnado con diversidade funcional na aula**

A modo de protocolo resumido, preséntase a continuación unha serie de pasos que o profesorado de Educación Física debería seguir no caso de ter alumnado con necesidades educativas especiais:

- documentarse sobre a deficiencia, enfermidade ou alteración correspondente;
- obter información detallada da familia do alumno ou alumna: experiencias motrices previas, comportamentos habituais, contraindicacións e recomendacións en canto á práctica motriz, preferencias, etc.;
- inicialmente entrevistarse coa nena ou neno, tamén manter unha comunicación permanente para ir coñecendo o devir das súas experiencias socio-motrices;
- levar a cabo unha observación sistemática, sobre todo durante as primeiras sesións, recollendo datos sobre a participación, as respostas motrices, a relación co resto do alumnado, etc.;
- preparar as adaptacións curriculares ou reforzos educativos das unidades didácticas que conforman a programación anual;
- acudir, se fose o caso, ao Departamento de Orientación ou á persoa de apoio do centro;
- solicitar profesorado de apoio e/ou coidadora se fose preciso;
- pedir información e asesoramento nos Equipos de Orientación Específicos.

### **4. Criterios para adaptación das unidades didácticas en Educación Física**

Será nos contidos dos seguintes temas da materia onde iremos coñecendo polo miúdo as características, posibilidades e necesidades do alumnado con diversidade sensorial, motriz, intelectual, etc., tamén as suxestións máis concretas que deben orientar as adaptacións ou reforzos educativos nas sesións de Educación Física para dar resposta axeitada ao proceso de ensino-aprendizaxe de todo o alumnado de Primaria. Mais, a modo de introdución e seguindo a proposta de Arráez (1998), imos presentar a continuación unha serie de estratexias xenéricas que nos van servir de guía para analizar as sesións prácticas desta materia universitaria.

#### **4.1. Simplificación das percepcións**

Os déficits na percepción poden supoñer fallos na información exacta sobre o acto motor a realizar, polo tanto, coa finalidade de que o alumnado obteña toda a información posible, haberá que empregar estratexias que suplan no posible esas eivas. Algunhas estratexias posibles son:

- que os materiais móbiles sexan de cores vivas, para que se mellore o contraste entre o obxecto e o fondo;
- que se modifiquen as traxectorias dos elementos móbiles, adoptando secuencias progresivas: rodándoo, con bote, polo aire;
- ter en conta a variar a velocidade do móbil: se a velocidade é lenta resulta máis fácil percibir a traxectoria que se é rápida;
- empregar balóns de diferentes dimensións: os grandes resultan máis fáciles de percibir que os máis cativos;
- variar a altura e distancia dos pases: pasar progresivamente de distancias curtas a máis longas;
- variar o ángulo de recepción do balón, ter en conta que a apreciación da velocidade é máis difícil de fronte que dende unha perspectiva máis lateral.

## 4.2. Simplificación do xesto

As rapazas e rapaces con necesidades educativas especiais non sempre poden realizar as actividades motrices con normalidade, posto que os xestos requiridos para elas ou se desenvolven con retraso ou incluso non se adquiren –como ocorre nalgúns casos de parálise cerebral–. Algunhas modificacións referidas aos xestos poden ser:

- realizar a acción andando ou arrastrándose en lugar de correndo;
- empregar material máis lixeiro –balóns desinflados, de espuma, de trapo–, ou adaptado –unha prancha sobre rodas para suprimir a carreira–;
- variar as posicións para mellorar o equilibrio cando este sexa inestable: en lugar de estar de pé, sentadas, de xeonllos, etc.;
- ás veces os temores dificultan a execución das tarefas; neses casos hai que inspirar confianza e xerar seguridade.

## 4.3. Modificacións metodolóxicas

O alumnado con discapacidade sensorial ou intelectual presenta, ás veces, problemas de comprensión das propostas docentes, cuestión que vai provocar unha resposta motriz inadecuada malia non haber alteracións na motricidade que a sustenten. As suxestións metodolóxicas, como veremos a continuación, son diversas e dependerán das necesidades educativas do alumnado.

### 4.3.1. Apoio verbal

- Explicacións concretas e breves;
- en tarefas complexas, empregar unha explicación previa antes da demostración, pero que non sexa moi extensa;
- centrar a atención sobre as fases importantes do xesto ou actividade;

- facer as explicacións segundo se vaian precisando na sucesión natural da tarefa ou actividade;
- permitir o tempo axeitado entre explicación e execución, para facilitar a asimilación e comprensión da proposta;
- expresar palabras de ánimo que reforcen o éxito.

#### 4.3.2. Apoio visual

- Demostración previa do movemento, crear modelos;
- se fose o caso, demostración do movemento adaptado ou alternativo;
- emprego sucesivo ou simultáneo de varios estímulos: cores, ritmo, etc.

#### 4.3.3. Apoio manual

- Situar a alumna ou alumno na posición de partida ou de secuencia ideal para a execución do movemento;
- exercer forza de resistencia ao movemento, o que contribúe a mellorar a interiorización da acción corporal;
- conducir o alumno ou alumna polo espazo para que o recoñeza e o interiorice, sobre todo cando os espazos son novos ou hai cambio nos habituais

#### 4.3.4. Outras modificacións metodolóxicas

- Secuenciar a aprendizaxe: dividir ou descompoñer o movemento en secuencias –aprendizaxe analítica–, para facilitar a comprensión do mesmo;
- empregar rutinas que creen hábitos no desenvolvemento das sesións, xa que isto limitará as explicacións docentes;
- modificar o número de decisións tomadas pola mestra ou mestre, o que reducirá ou ampliará as que deberá tomar ó alumnado;
- presentar as aprendizaxes tendo en conta o criterio de progresión: do máis fácil ó máis difícil.

### **4.4. Modificacións nos recursos**

- Modificar os espazos de traballo: pechados ou abertos, de madeira, area, cemento, etc.;
- adaptar o material: modificar altura da rede, das canastras, etc.;
- modificar os elementos ou materiais fixos: as redes, as canastras, as porterías, etc., que malia ser as estándar para certos deportes, poden ser empregadas para outras actividades motrices;
- utilizar material que permita a creatividade: panos, aros, cintas, pelotas de espuma, globos, etc.;
- variar e multiplicar o material: balóns de diferentes tamaños, de cores, sonoros, de trapo;
- empregar o material de xeito distinto ao habitual –por exemplo, balóns desinflados xa que facilitan o agarre e poden simplificar as accións de coordinación: de prensión, de golpeo, etc.–;

- variar os agrupamentos: traballo en grupo, por parellas, individual, en filas, en círculo, etc., para mellorar a socialización, a percepción e as diferentes aprendizaxes;
- eliminar as fontes de distracción: ruído, fatiga, outros materiais, etc., cando iso sexa o necesario.

#### **4.5. Modificacións das actividades**

4.5.1. Adaptar as normas de execución e/ou participación:

- coller o balón en troques de golpealo sen recepción;
- rodalo en troques de lanzalo;
- botalo máis veces antes de collelo ou pasalo;
- reducir o número de puntos necesarios nos xogos competitivos;
- suplir a vitoria explicitamente para limitar a tensión da competición;
- transformar os xogos competitivos en cooperativos para estimular a axuda en lugar do enfrontamento;
- prohibir devolver o balón a quen nolo pasou, para implicar a máis xente nas dinámicas de xogo;
- variar o número de participantes para mellorar a participación;
- variar a composición dos grupos para mellorar a socialización e o coñecemento entre o alumnado;
- permitir a participación doutras persoas, como axudantes que empurren a cadeira de rodas, que aconsellen, que estimulen, etc.

4.5.2. Outorgar á alumna ou alumno que o requira un posto de xogo concreto en función das súas aptitudes. Por exemplo:

- porteira se ten pouca mobilidade;
- posto fixo de defensa ou atacante, se a mobilidade está limitada;
- responsabilizarse da arbitrase ou do control da puntuación, nos casos de mobilidade reducida moi limitante.

4.5.3. Buscar estratexias para reducir a fatiga:

- reducir o tempo de práctica e/ou o ritmo de xogo;
- cambiar os roles a desenvolver;
- reducir as situacións de contacto físico;
- reducir as dimensións do terreo de xogo. Deste xeito pódese rebaixar a esixencia física e, ademais, verse favorecida á coordinación e a percepción.

### **5. Conclusión**

Recoñecer, pois, que practicamente todo o alumnado de Primaria escolarizado nun centro ordinario ten o dereito e o deber de gozar da única materia corporal e motriz de todo o seu currículo escolar; mais, para cumprir eses preceptos, as e os docentes temos que converter as sesións en propostas de aprendizaxe esixentes, pero tamén posibles en función das

situacións de partida de cada nena ou neno que conforma o grupo. Isto será un reto asumible se se afronta sen medos innecesarios, sen mágoas, nin preguiza, con traballo e confianza. Consolidaremos esta reflexión final coa cita inicial de Pearson (1928) na obra de Hernández, Hospital e López (1997):

“O neno parece adoptar fronte ás súas deficiencias a mesma actitude que os seus educadores. Se estes se apuran, el tamén se atormenta; se eles se avergoñan, tamén el será especialmente susceptible; finalmente se o consideran de xeito obxectivo, el aceptarao como un feito real e non se deixará condicionar no seu proceso de adaptación”.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Como xa se expuxo ao presentar os principios metodolóxicos, vanse desenvolver dous tipos de actividades ben diferenciadas. Iremos detallalas a continuación.

- Sesións expositivas: terán lugar dúas sesións teóricas de dúas horas cada unha onde a docente presentará os obxectivos que persegue a unidade e exporá, co apoio de diapositivas, os contidos: conceptos, principios, lexislación, propostas, etc.; mesturándoos sempre con exemplos da práctica docente.
- Sesións prácticas: alternativamente ás teóricas, terán lugar dúas sesións prácticas –que se desenvolverán no pavillón ou aula José M<sup>a</sup> Cagigal–, nelas o alumnado que voluntariamente o desexe, asumirá o rol dunha persoa con discapacidade –sensorial ou motriz– ou de guía, e a profesora dirixirá sendas sesións modificadas segundo as características que presenta ese ficticio alumnado, coa intención de poñer en práctica e recoñecer as aprendizaxes teóricas presentadas previamente. Ao rematar as sesións terá lugar unha reflexión conxunta sobre as modificacións desenvolvidas pola docente, as necesidades e posibilidades perceptivo-motrices do alumnado que asumiu os roles, as axudas outorgadas ou non polo grupo, as sensacións e sentimentos xurdidos, etc.
- Todo o alumnado que teña asumido roles diferenciados durante as sesións prácticas –guía, persoa con cegueira, con xordeira ou con mobilidade reducida–, elaborará unha reflexión sobre a súa práctica seguindo as consignas presentadas na *guía* do anexo 2.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

Para a avaliación destes contidos vanse empregar dous elementos:

- 1- A asistencia e participación durante as sesións prácticas, a asunción nelas dalgún dos roles específicos citados no apartado de actividades e a entrega puntual da reflexión sobre esas vivencias.
- 2- Un traballo voluntario que consistirá na modificación ou adaptación da *unidade didáctica de educación física* que cada alumna e alumno vai elaborar e desenvolver na materia de Prácticas Escolares II durante os meses de novembro e decembro de 2011. Para levar a cabo esta tarefa no anexo 3 desta unidade didáctica se presenta unha *ficha guía* con todos os apartados que deben tratarse, tamén o alumnado poderá contar co asesoramento da docente nos horarios de tutoría. Antes do 16 de decembro de 2011, o alumnado notificará á docente a diversidade funcional sobre a que fará a adaptación. A data límite de entrega do traballo, para que sexa valorado na convocatoria de febreiro, será o 10 de xaneiro de 2012; na convocatoria de setembro, será o día do exame, o 13 de setembro. A puntuación máxima que se pode obter por este traballo será de 1,5 puntos.

## ANEXOS

---

### Anexo 1

#### **Diario Oficial de Galicia nº 213, martes, 7 de novembro de 1995 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*

#### Capítulo II

As adaptacións do currículo na educación infantil e no ensino básico

##### Sección primeira

##### Medidas de reforzo educativo

Artigo 4º.—Definición e condicións.

1. O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

2. As medidas de reforzo educativo non suporán necesariamente medidas extraordinarias nin necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

a) Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

b) Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunicarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.

c) O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.

##### Sección segunda

##### As adaptacións curriculares

Artigo 5º.—Definición.

1. Para os efectos da presente orde, entenderase por adaptacións curriculares as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

2. O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada ciclo ou, no caso do 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria, para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

3. Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

4. A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Artigo 6º.—Condicións.

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente. As condicións de realización serán as seguintes:

- a) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
- b) Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden segui-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
- c) O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, se existe, ou do equipo psicopedagóxico de apoio de sector e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.

## **Anexo 2**

### **GUÍA PARA A REFLEXIÓN SOBRE A PRÁCTICA**

Relatar a propia participación na sesión analizando as seguintes cuestións:

- o logro dos obxectivos da sesión
- o nivel, calidade e cantidade de práctica motriz
- o nivel de comprensión das propostas presentadas pola docente
- o control do espazo: seguridade, orientación ou desorientación, etc.
- o uso do material: a súa manexabilidade, a súa percepción, a súa pertinencia, etc.
- a relación establecida coa persoa guía –se é o caso–, a pertinencia do seu labor
- a propia dependencia e/ou independencia durante a sesión
- as axudas recibidas polo grupo e/ou a docente
- en xeral, a relación mantida co resto do grupo
- a percepción que, despois da sesión práctica, acadaches sobre as persoas que na vida real teñen a diversidade funcional asumida por ti na clase
- a posibilidade de mellora da empatía a partir deste tipo de vivencias.

## Anexo 3

### FICHA GUÍA PARA A ELABORACIÓN DA ADAPTACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

#### 1. **Presentación da alumna ou alumno:**

Se é unha persoa real, presentádelas cun nome falso. Se é unha persoa inventada, poñédelle un nome.

#### 2. **Datos imprescindibles:**

*Perfil ou características persoais da alumna ou alumno de referencia:*

- Idade actual
- Nivel de escolarización
- *Tipo de déficit (sensorial, intelectual, perceptivo, motriz, etc.)*
- Idade de aparición do mesmo
- Nivel de comunicación, se fose o caso (verbal e non verbal)
- Grao de afectación e recursos persoais (control de esfínteres, grao de mobilidade, de visión, audición, etc.)
- Disposición psicosocial –capacidade para establecer relacións e integrarse no grupo–. Niveis de independencia, de seguridade, de confianza en si mesma.
- Se precisa e ten persoal auxiliar na escola; en caso afirmativo especificar as funcións concretas que esa persoa desenvolve con respecto á alumna ou alumno de referencia.
- Outros datos que vos parezan relevantes.

#### 3. **Presentación da unidade didáctica de referencia describindo en letra cursiva as adaptacións pertinentes**, facendo fincapé nos obxectivos, contidos e avaliación.

No apartado das estratexias pedagóxicas haberá que redactar en letra cursiva as modificacións pertinentes sobre:

- estilos de ensino
- métodos de práctica
- formas de organización e control
- distribución da actividade e o esforzo
- formas de motivación
- control de continxencia
- material empregado

No apartado das sesións, expoñer en cursiva e a continuación de cada actividade, as modificacións propostas.

#### 4. **Reflexión final** sobre o traballo persoal desenvolvido.

#### 5. **Referencias bibliográficas e documentais empregadas.**

## **Anexo 4**

### **GLOSARIO**

#### Adaptación curricular

Modificación dun ou máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para atender ás necesidades educativas dunha alumna ou alumno motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. (DOG nº 213, 1995).

#### Adaptación de acceso ao currículo

Aquela que supón a modificación ou disposición de recursos espaciais, materiais ou de comunicación para facilitar que o alumnado con necesidades educativas especiais poida seguir o currículo, sexa ordinario ou adaptado. (Amparo Escamilla; Ángeles Blanco: Glosario de términos educativos de uso máis frecuente).

#### Asertividade

Tipo de conduta social que se caracteriza por unha comunicación aberta e franca. A persoa asertiva é quen de facer unha defensa construtiva e positiva dos seus dereitos sen atacar os alleos.

#### Atención á diversidade

É o principio educativo que busca, mediante actividades de apoio, adaptacións curriculares, reforzos educativos, etc., dar resposta ás diferentes capacidades, necesidades e intereses do alumnado. (Amparo Escamilla; Ángeles Blanco: Glosario de términos educativos de uso máis frecuente).

#### Deficiencia = Diversidade funcional

Insuficiencia que se rexistra nunha función física ou mental ou nas actividades dun órgano. Segundo a súa orixe as deficiencias poden ser conxénitas (á súa vez herdadas ou non) ou adquiridas (por enfermidade ou accidente). Termo acuñado polo CIDDM no ano 1980.

#### Déficit no funcionamento

Perda ou anormalidade dunha parte do corpo o dunha función fisiolóxica ou mental. Segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS, 2001). Substitúe ao termo deficiencia.

#### Discapacidade

Restrición ou ausencia, debida a unha deficiencia, da capacidade de realizar unha actividade na forma ou dentro das marxes consideradas normais. Segundo a CIF (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde), é un termo moi amplo que se emprega para referirse aos déficits, as limitacións na actividade e as restricións na participación.

#### Diminuído/a

Fai referencia á persoa que sofre algún tipo de impedimento en relación coas súas condicións ambientais.

#### Diversidade humana

Malia nacermos con igualdade de dereitos e deberes (cando menos nas sociedades occidentais) todos os seres humanos somos diferentes, xa sexa por sexo, etnia, cultura, condición social ou económica, relixión e/ou ideoloxía; tamén outras características individuais, como as capacidades intelectuais, motrices, sensoriais,

psicolóxicas e as orientacións afectivo sexuais, contribúen a facer de cada quen un ser único e irrepetible.

#### Diversidade funcional

Termo proposto polo “Foro de Vida Independente” en lugar dos termos “limitantes ou despectivos” que se veñen empregando á hora de referirse a esas persoas (discapacitada, minusválida, deficiente, etc.). “Este termo axústase á unha realidade na que unha persoa funciona de xeito diferente ou diverso da maioría da sociedade”. Fai referencia pois ás mulleres e homes que “por motivos da diferenza de funcionamento do seu corpo realizan as tarefas habituais (desprazarse, ler, agarrar, vestirse, ir ao baño, comunicarse, etc.) de maneira diferente. Homes e mulleres que funcionan doutro xeito”.

#### Empatía

Habilidade social básica que indica a capacidade de poñerse no lugar doutra persoa para comprender os seus sentimentos, intencións, ideas e accións; o que permite conseguir unha relación positiva.

#### Inclusión

Un sistema educativo inclusivo é aquel que atende ás persoas en relación ás súas necesidades e ás súas capacidades, non fixándose só nos seus déficits.

#### Integración

Incorporación da persoas con dificultades especiais aos distintos grupos sociais onde conviven ou deberían convivir. A nivel escolar a integración busca a presenza do alumnado con necesidades especiais nas escolas ordinarias, á súa participación segundo as súas posibilidades, a súa aceptación como compañeiras e compañeiros de clase, cos mesmos dereitos, a mesma dignidade e a mesma calidade de vida.

#### Limitación na actividade

Dificultades que unha persoa pode ter na execución das actividades. Segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS, 2001). Substitúe ao termo discapacidade.

#### Minusvalía

Situación desvantaxosa para unha persoa, que limita ou impide o desempeño dun rol normal no seu caso (en función da idade, sexo, factores sociais e culturais). Termo acuñado polo CIDDM no ano 1980.

#### Reforzo educativo

Medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo: secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos do alumnado e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. (DOG nº 213, 1995)

#### Restrición na participación

Problemas que unha persoa pode experimentar na súa implicación en situacións vitais. Segundo a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS, 2001). Substitúe ao termo minusvalía.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- ARDANAZ, Leonor; ARMEJACHA, Rita *et al.* (2004): *La escuela inclusiva*, Barcelona, Grao.
- ARRÁEZ, Juan Miguel (1998): *Teoría y praxis de las adaptaciones curriculares en educación física*. Málaga, Aljibe.
- ASÚN DIESTE, Sonia (2001): "La integración en la educación física: una realidad a tener en cuenta", *Revista de Educación Física*, nº 82, (31-33).
- DICCIONARIO DE PSICOLOGÍA E EDUCACIÓN (1999): Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- GONZÁLEZ MANJÓN, Daniel (1993): *Adaptaciones curriculares. Guía para su elaboración*. Málaga, Aljibe.
- HERNÁNDEZ, Javier; HOSPITAL, Victor e LÓPEZ, Carlos (1997): *Educación física, Deporte y Atención a la diversidad*. Málaga, Instituto del deporte andaluz.
- HERNÁNDEZ VÁZQUEZ, Javier (1998): "Educación Física especial: Actitud y formación de los docentes en Primaria", *Apunts. Educación Física y Deportes*, nº 51 (70-76).
- LLORCA, Miguel; SÁNCHEZ, Josefina (2003): *Psicomotricidad y necesidades educativas especiales*. Málaga, Aljibe.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. DOG do 7 de novembro.
- POINTER, Bren (1996): *Actividades motrices para niños y niñas con necesidades educativas especiales*. Madrid, Narcea.
- PUIGDELLIVOL, Ignasi (1998): *La educación especial en la escuela integrada. Una perspectiva desde la diversidad*. Barcelona, Graó.
- RÍOS HERNÁNDEZ, Mercedes (1998): *El juego y los alumnos con discapacidad*. Barcelona, Paidotribo.
- RUÍZ PÉREZ, Luís M. (1994): "Factores que influyen en el aprendizaje motor", *Apunts. Educación Física y Deportes*, nº 38 (34-40).
- RUIZ, Pedro (1994): "La adecuación curricular individual en educación física", *Apunts. Educación Física y Deportes*, nº 38 (41-50).
- TORO BUENO, Salvador (1995): *Educación física para niños y niñas con necesidades educativas especiales*. Málaga, Aljibe.
- VERDUGO, Miguel Angel (dir.) (1994): *Actitudes hacia las personas con minusvalía*. Madrid, INSERSO.
- WILLIAMSON, D.C. (1988): "Perfil del estudiante y enfoque organizativo para el alumno con n.e.e. en las situaciones de E.F. de las nuevas escuelas especiales". *V Jornadas Internacionales sobre Actividad Física Adaptada a Disminuidos Físicos y Psíquicos*. Curso de Unisport. Málaga.

### Citas de recursos en internet

- ESCAMILLA, Amparo; BLANCO, Ángeles: Glosario de términos educativos de uso más frecuente: [www.profes.net/varios/glosario/principal.htm](http://www.profes.net/varios/glosario/principal.htm) [citado 18 xan 2010]





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

